



## CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN

PP. SOMASCOS  
r/ Fermín Mosquera, 2  
36650 CALDAS DE REIS  
(Pontevedra)

986.54.00.75

Fax 986.54.04.18

Email: [cpr.sanfermin.caldas@edu.xunta.es](mailto:cpr.sanfermin.caldas@edu.xunta.es)  
[csanfermin@planalfa.es](mailto:csanfermin@planalfa.es)

Web: [www.csanfermincaldas.es](http://www.csanfermincaldas.es)



### IDEARIO DO CENTRO

O CPR SAN FERMÍN – PP. SOMASCOS (Caldas de Reis), é un Centro Católico pertencente á Congregación dos Padres Somascos, fundados por San Xerome Emiliani.



Para a consecución dos seus fins educativos *apóiasse* na colaboración de tódolos compoñentes da Comunidade Educativa:

- A Entidade Titular: Padres Somascos.
- Os Profesores.
- Os Alumnos.
- O Persoal non docente.
- Os Pais e Nais.
- Equipo de Orientación.

### FISIONOMÍA DO NOSO CENTRO:

1. **ACOLLEDOR:** O ambiente sinxelo e aberto fai que o alumno/a considere o colexio como unha prolongación da súa propia casa.
2. **CENTRO DE ESTUDOS:** Ofrece unha sólida preparación intelectual.
3. **PROMOVE:** Os talentos persoais a través das diversas actividades complementarias e extraescolares.
4. **FOMENTA:** As relacións interpersoais alimentadas polo diálogo, a comprensión e a amabilidade.
5. **POTENCIA:** A esixencia persoal no cumprimento das propias obrigas do alumno/a.
6. **FAVORECE:** A vivencia cristiá, desenvolvendo programas de catequese e de profundización na fe. Organiza grupos de convivencia e prepara ós novos con espírito de apostolado evanxélico.

### PROCURAMOS QUE OS NOSOS ALUMNOS SE EDUQUEN:

- Na liberdade, con capacidade de tomar responsablemente decisións na súa vida, no respecto ós demais.
- Na harmonía, cun equilibrio físico, psíquico, intelectual e espiritual.
- Nos valores familiares, amor á vida, entrega recíproca, confianza no futuro.
- No espírito social, proxecto de vida de amplos horizontes, mais alá do egoísmo persoal; abertos a un mundo de amizade sen fronteiras.
- Na dimensión evanxélica, valor espiritual da vida do hombre e a súa proxección cara a Deus.

### MEDIANTE A PRÁCTICA DOS SEGUINTE VALORES:

- Actitude de amor, entrega e respecto.
- Vida de fe.
- Compromiso de traballo.
- Formación integral da persoa:
  - Educación para a liberdade e a responsabilidade.
  - Capacitación para as tarefas familiares, sociais e políticas.
  - Construción para a convivencia nun mundo mais fraternal, fomentando a xustiza e a paz.
- Promoción de actividades.
- Anuncio da mensaxe evanxélica.
- Vida litúrxica e sacramental.